



OLA QUERID@S
PEQUERRECH@S E FAMILIAS,

AS MESTRAS DE INFANTIL
QUEREMOS ESTAR UN
POUQUIÑO MÁIS PRETO DE
VÓS ESTES DÍAS E PARA ELO
MANDÁMOSVOS UNHA SERIE
DE PROPOSTAS PARA QUE
VOS SEXA MÁIS LEVADEIRO
ESTE MOMENTO.




AGARDAMOS QUE TODO ISTO
PASE PRONTO E ESTAR DE
NOVO XUNTOS.

Esta é unha proposta de organización destes días, contemplando momentos de tarefas do fogar, de traballos e xogos autónomos, de traballos que precisan axuda, de momentos de calma e de movemento. É unha para que a poidades adaptar ás vosas necesidades e, se o precisades, darvos unhas rutinas.

Ter unha orde e unhas rutinas permíteltes aos nen@s manter unha estrutura na que manexarse, dándolle estabilidade e calma. Dependendo de cada familia, podedes facelo máis estruturado (con horarios) ou máis flexible, pero si é aconsellable marcar tempos dalgún xeito.

Unha boa proposta pode ser esta:

					
ALMORZO E PLANIFICACIÓN	TAREFAS DO FOGAR	PROPOSTAS AUTÓNOMAS	ALMORZO	XOGO LIBRE	COCINAR E XANTAR

				
DESCANSO E CONTO	PROPOSTAS CON AXUDA	MOVEMENTO	MERENDA	XOGO LIBRE

ALMORZO E PLANIFICACIÓN:

Tede un calendario diante e parádevos a falar do día no que estamos (da semana, do mes), que día foi onte e que día será mañá, se tedes datas especiais nesa semana ou mes podedes contar os días que faltan para chegar... Comentade o que ides facer ese día.

*É importante comezar o día con actividades de movemento.

TAREFAS DO FOGAR: É un bo momento para implicalos en tarefas como facer as camas, pasarvos a roupa para estendela ou colgala eles coas pinzas, dobrar roupa e gardala no seu sitio, pasar o pano, varrer ou aspirar, por a mesa, vestirse sós, axudarvos a cociñar... Como parte da familia que é, tamén ten que colaborar e compartir tarefas.

Podedes incluír neste apartado a observación e coidado dunha lentella ou unha faba. Metédea nun bote de cristal con algodón mollado e ide rexistrando o crecemento nunha especie de diario, apuntando cando a regades, cando agroma, cando a tedes que transplantar (normalmente a plántula está lista despois dunha semana e podemos pasala á terra), o que vai crecendo...

PROPOSTAS AUTÓNOMAS: Podedes presentarlles 4 ou 5 actividades (movemento. lóxica. linguaxe...), por exemplo, enriba dunha mesa ou no chan con manteliños, alfombriñas ou bandexas (para delimitar o espazo). A idea é que durante certo tempo (1 hora máis ou menos, depende das actividades e do neno ou nena) se movan entre esas actividades sen precisar axuda. Antes de comezar hai que colocar os materiais e explicar o que se fai en cada espazo, despois eles irán xogando de xeito autónomo. Permitíndolles o movemento e sabendo que teñen que recoller logo de rematar coa actividade. É importante que non se lle presenten unha chea de actividades á vez. Esta rutina facémola na clase, así que saben como funciona.

PROPOSTAS CON AXUDA: Aquelas na que se necesita a presenza do adulta para guiar e acompañar ditas actividades.

A continuación presentamos propostas das dúas clases.

MOVEMENTO

SALUDO AL SOL: YOGA

<https://www.youtube.com/watch?v=VYrT5t8STjI&t=2s>

MOTRICIDADE GROSA:

Podemos ofrecerlle circuítos onde teñan que esquivar cadeiras, coxíns ou elementos da casa. Camiñar por riba ou entre cordas/cintas, baixo as cadeiras, facer equilibrios... Percorrer o corredor camiñando de diferentes xeitos (nas puntas dos pés, saltando cos pés xuntos, nun só pé, reptando, a gatas, rodando, movéndose como diferentes animais...). Marcar o chan cunha cinta facendo liñas rectas, descontinuas, espirais para facer equilibrio... para que as percorran, facer unha canastra e encestar bolas de papel que eles mesmos engurren, etc.

Xogar ao twister, ás agochadas, movementos conxelados, carreiras de coches ou de chapas... Podedes agochar obxectos pola casa e ir dando pistas para que os atopen, como unha busca do tesouro. Xogar aos bolos...



MOTRICIDADE FINA:

Rachar papel, recortar con tesoiras. Poden empregar eses anacos para pegalos e facer algunha composición nunha folla (se tendes papeis de diferentes cores, mellor). Tamén podedes marcar nunha folla con rotulador o camiño que teñen que recortar. É importante insistir en coller ben as tesoiras: o dedo polgar dentro dun burato, o índice fóra (para facer de guía) e o corazón (ou o corazón e o anular, dependendo do tamaño da tesoiras) dentro do outro burato. Sempre teñen que ver a unlla do seu dedo polgar ao recortar e facelo cara adiante.

*Se aínda non se iniciaron no manexo da tesoiras, mellor que só rachen papel.



Xogo de cintas: teñen que meter lazos e cintas nun bote e despois sacalos exercitando a pinza (índice e polgar).

Facer colares con macarróns (podedes pintalos o día anterior con témpera).

Xogar a atopar cousiñas agochadas nun bote con fariña (pequenos xoguetes, legumes, culleres...).

Pegar adhesivos ou anacos de papel formando figuras que marquedes nun papel.

Poñer e sacar gomas arredor dun tubo.

Abrir e pechar botes con diferentes tapas (de rosca de diferente tamaño, de presión...).

Meter escarvadentes ou spaguettis nos buratos dun escurredoiro.

Facer pulseiras ou colares de botóns ou macarróns. Podedes pintalos o día anterior con témpera. Pode ser de xeito libre ou con consignas, facendo seriacións (dous azuis, un amarelo, un vermello, dous verdes, por exemplo).

Meter obxectos por un buraco, facer transvases, facer boliñas con plastilina, pintar cos dedos, enroscar parafusos, utilizar pinzas para coller obxectos...
 Pintar as unllas, a un mesmo ou a outra persoa.
 Practicar a abotoar e desabotoar, a abrir e pechar cremalleiras.
 Sacar e poñer os calcetíns e os zapatos.



LINGUAXE

RIMAS CON MOVEMENTO: para favorecer a pronuncia dos diversos fonemas. O ideal sería que @s nen@s escoitasen aos papis/mamis e el@s repetiran. Sen que viran o vídeo.

<https://www.youtube.com/watch?v=BXif78C6XyQ>

<https://www.youtube.com/watch?v=UJjE3biof6g>

<https://www.youtube.com/watch?v=LCpT6ZyohZw>

<https://www.youtube.com/watch?v=WJX6ANktb5g>

PRACTICAR SOPRO: empregamos palliñas ou outros obxectos (muíño de vento, lingua de sogra...) para succionar e soprar, creamos circuitos e os realizamos con pelotiña/boliñas de papel, de ping-pong..., soprando e controlando a intensidade. Tamén podemos xogar a controlar a forza do sopro con velas (baixo o voso control e axuda), tentando apagar a chama cun soprido forte ou facer un soprido frouxo e constante sen que se apague. Podemos facer burbullas cunha palliña nun vaso con auga, xogando cun pompeiro, tentando facer unha pompa o máis grande posible e despois soprándoa para que non caian ao chan...ou con pintura líquida soprar cunha palla e facer liñas.




CONTOS E EXPRESIÓN ORAL: Ler todos os días un conto, incluso ler o mesmo conto varios días. Facer un debuxo dos personaxes. Inventar outro título, outro final, cambiar os personaxes...Inventádevos xuntos historias con cousas que tedes pola casa e ide engadindo frases, xogade ao vexo-vexo, a describir persoas ou obxectos o máis detalladamente posible, construíndo frases cada vez máis longas, xogando con trabalinguas como os que propón [Orella Pendella](#), representar e dramatizar contos ou historias da vosa vida diaria. Traballando tamén a conciencia fonolóxica se o personaxe do conto se chama Nacho, golpear coas mans, pés, tocando cunha culler nun recipiente... tantas veces como sílabas ten o nome (NA-CHO).

GRAFISMO: facer liñas con pintura de dedos, con rotuladores grosos, con pinceis...



Facer formas, letras, números...con plastilina ou pasta de sal.



Nunha bandexa con fariña ou pan relado (o mellor sería con área) copiar co dedo o trazo das letras ou figuras, tendo un modelo diante (debuxádello nun papel), especialmente para os máis pequen@s.



ACTIVIDADES CO NOME: a partires do traballo co nome iníciáanse nos procesos de prescritura e prelectura.


Recoñecendo primeiramente as letras que o compoñen, logo identificándooas noutros nomes e posteriormente combinándooas para formar novas palabras. @s nen@s máis avanzados xa traballan cos nomes dos compañeiros, da súa familia, de animais, personaxes dos contos... Utilizar a letra maiúscula.



Traballando coa inicial do nome. Decorando con papeliños (papel de revista, xornal...) a letra inicial.




Traballando o nome enteiro. Identificar cada letra coa súa igual e colocala no mesmo sitio. Utilizando distinto material.



Escribímoslles, en maiúscula, en papeliños dous nomes ou varios, nun deles por o do nen@ e ten que identificar o seu entre os outros.

E escribindo o seu nome, uns con modelo diante e outros sen el, dependendo do nivel no que se atopen e da etapa da escrita na que estean, uns farano máis convencional e outros menos.



Todas estás actividades, cando @ nen@ xa teña controlado o nome, pódense facer cos nomes d@s compañeir@s, da familia, dos personaxes dos contos que leron... Incluso escribindo pequenos relatos.

LÓXICA


Clasificar obxectos por forma, cor, tamaño...



Colocar obxecto segundo a posición marcada por vós (enriba de, debaixo de, diante de, detrás de)

Ordenar por tamaño (de maior a menor ou viceversa).


Facer seriacións con pompóns, botóns, tapóns, legumes... poden inventalas eles sempre que sigan unha seriación ou marcadés vós o inicio para que eles a completen. Poden ser de tamaño, de cor, de formas... Empezando, sempre por dous obxectos e ir incrementando segundo o nivel.



Relacionar cada obxecto co seu correspondente, segundo o uso, neste caso.




Reproducir un modelo: xa sexa pintando, colocando as pezas (pode ser calquera obxecto ou material que teñades por casa, botóns, clips...) na posición indicada...



E todo tipo de adiviñas, enigmas, labirintos...acordes a cada nivel.

QUE UTILIZARÍAS PARA ABRIR A PORTA UNHA CHAVE OU UN PLÁTANO?

SON PEQUENIÑO, PODO NADAR
VIVO NOS RÍOS E EN ALTAMAR.
QUEN SON?



NUMERACIÓN

É importante para traballar cos números que @ nen@ teña adquirido o concepto de número e a súa construción.

Podedes ver un exemplo neste enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=lvZjE8rkT4Y>

A partires de aí pódense facer diversas actividades:



Ao principio, é aconsellable pórllle/marcarlle os puntos para colocar as fichas ou materias correspondentes ao número.



Os números podédelos pintar nun papel, os recipientes poden ser vasos, botes, tazas... e o que meten dentro tamén (garavanzos, fabas, galletas salgadas...) En función da idade/nivel, empezade polo número base e ide aumentando. A maior nivel poden facer algo parecido pero facendo sumas, que tamén poden facer con bastoncillos ou paliños.



Descomposición do número 10, neste caso, para @s máis avanzados.

ARTE CREATIVA:

Con diferentes materias e técnicas. Dende pintar camisetas ata estampar selos.




Mesturas de cores botando diferente cantidade de cada un. Podedes usar t mpera dilu da, non   preciso colorante.



Mandalas naturais ou con elementos que te namos por casa.

CONSTRUCI NS

Aqu  xa entra en xogo a imaxinaci n e todo tipo de material.



XOGOS DE MESA E XOGO LIBRE

Coma no caso anterior hai una diversidade enorme de actividades.

En canto os xogos de mesa é unha oportunidade para estar en familia (parchís, oca, calquera xogo educativo...)

E o xogo libre dende un circuíto ata o xogo simbólico.

E se podedes gozar de tempo fóra, porque tedes finca iso sería o ideal.



Sen esquecernos do sensorial e o xogo non estruturado.

MÚSICA

Indispensable para o desenvolvemento infantil e nestes días moito máis.

Bailar, cantar, danzar, dramatizar, seguir ritmos básicos, exercicios de percusión...

<https://www.youtube.com/watch?v=TzvRdhVmQn8>

<https://www.youtube.com/watch?v=OHByXWgkMwk>

<https://www.youtube.com/watch?v=GmTr3oMQd7w>

INGLÉS

A partires de cancións ou contos. Entrando en SUPER SIMPLE SONGS(youtube)

Partes do corpo: one Little finger

Historia: Five Little ducks

Opostos: Open shut them

*Hai máis actividades colgadas na web do cole.

VALORES E SENTIMENTOS

É importante falar deles dende o que vive @ nen@, como se sente el e como se senten os demais. Dunha maneira máis amena podemos usar as curtas para ver que lles pasa os personaxes e como cren que se senten.

<https://www.youtube.com/watch?v=ridKV941rWA>

<https://www.youtube.com/watch?v=bp-Kcgbfhec>

EXPERIMENTOS

Como sabes, este curso escolar o proxecto integral do centro é a Ciencia. Aquí vos presentamos esta propostas:

Como se fai?

FROTA OU SE AFUNDE?

Que necesito?

Tres vasos grandes

Un ovo fresco.

Auga.

Sal.

Azucere.



- Cun bolígrafo ou outro útil escribe nun vaso a palabra azucere, noutro vaso escribe a palabra sal e noutro a palabra auga.
- Enche con auga ata a metade os tres vasos.
- No vaso coa palabra escrita “sal”, engade unha culleirada de sal, revolve e trata de disolver a maior cantidade de sal posible.
- No vaso coa palabra escrita “azucere”, engade unha culleirada de azucere e revolve.
- Coloca o ovo no vaso que ten escrita a palabra auga. Observa que o ovo se deposita no fondo do vaso.
- Coloca o ovo no vaso no que disolviches o azucere. Observa que sucede.
- Coloca o ovo no vaso en que disolviches o sal. Observa que o ovo flota.
- Agora no vaso con auga salgada verte un pouco de auga. Observa que o ovo se afunde.
- Se a continuación engades un pouco de auga salgada, veralo flotar de novo.
- Se volves engadir auga, novamente afundirase e así sucesivamente.

Agora tócvos investigar, que é o que fan os científicos, porque ocorre isto.

CALMA: tan necesaria. Podedes usar exercicios de Yoga.

<https://www.youtube.com/watch?v=MI1SSrMOou0>

Todas as actividades que fagades gardádeas ou sacádelle fotos e se queredes mandádeas ao correo do cole para que as vexamos.

E calquera cousa facédenola saber a través do correo do cole.

ceip.mestres.goldar@edu.xunta.es

E nos vos esquezades tamén, de descansar e dos tempos de relax.

ATA PRONTIÑO!!!

Algunhas imaxes son sacadas da internet, se a autoría non nos permite o seu uso, fágonolo saber.

E unha mención especial a Gómez Álvarez, María Cruz, polas súas aportacións.